# Rosiña da Cunqueira

**Recollida de Mª del Carmen Baldonedo Pardo
de Bustelo do Lor**




Un día estaba na aira
Rosiña da Cunqueira
lendo unhas coplas bonitas
á sombra dunha figueira.

E así estaba entretenida
sentíu abrir a cancela
era un rapaciño guapo
que viña pa xunto dela.

Víñache o demo contigo
díxolle a Rosiña así:
- Non digas eso muller
que vou pa xunto de ti.

Pois logo séntate un pouco
se é que non tes moita prisa
que che hei ler unhas coplas
que te fan doblar coa risa.

Pican un pouco no verde
pero a fe son muy "priciosas"
que che poñen os "defeutos"
dos mozos e máis das mozas.

Rosiña o que esto oíu
alegróuselle o fuciño
sin pensarse máis nas coplas
díxolle ao seu Ricardiño:

- Se te casaras conmigo
teu pai rompía hasta o pote
xa sabes que non me quere
porque teño pouco dote.

E anque teñas pouco dote
has de ter un bo xardín
i anque o teu pai non queira
eu heime recrear ben nil.

Rosiña que esto oíu
alegróuselle o fuciño
i antes de ser moito a noite
díxolle ao seu Ricardiño:

- Á pobre da Rosiña
moi largo se lle fixo o día
sería que tiña sono
ou lle doía a barriga.




Gaiteiro Eliseo Sánchez e Concepción Marcos.



Nenos de Quiroga, 1945

Dixitalización: CCG / Web: mapas.consellodacultura.gal/sonoro